



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Miguel Ángel Pérez Dubois

VOGAIS

Dña. Amalia Elsa Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de Montes)

D. X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC da provincia de Pontevedra)

D. Víctor Abelleira Argibay
(Representante do colexio de avogados da provincia)

Dña. Lorena Peiteado Pérez (Letrada da Xunta de Galicia)

VOGAIS REPRESENTANTES DOS VECÍÑOS DE ZUDREIRO

Dña. Carmen Areán Marañís
D. José López López

SECRETARIA

Dña. Ana Belén Fernández Dopazo (Funcionaria adscrita ao Servizo Xurídico Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:30 horas do día 30/06/2015 coa asistencia das persoas á marxe rescñadas, reúnese na 2ª planta do edificio administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre resolución do expediente de clasificación do monte denominado “ **Zudreiro**”, da parroquia de Sanguñedo, solicitado a favor dos veciños de Zudreiro (Dozón)

Ancedentes de feito:

Primeiro: Con data de entrada 18 de febreiro de 2008, don José López López, actuando en calidade de representante dos veciños de Zudreiro, Parroquia de Sanguñedo, Concello de Dozón, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación do monte denominado “ **ZUDREIRO** ”, como veciñal en man común a favor da Asociación de Veciños de Zudreiro, acompañando diversa documentación consistente en: Planos Topográficos e identificación e caracterización do Monte recollidos no informe de Identificación, Apeo e deslinde suscrito polo Enxeñeiro Don Carlos A. Couso Folgueiras, no que se identifican os lindeiros, as parcelas privadas no interior do perímetro, a superficie e a relación de colindantes.

Segundo: Con data 30 de maio de 2008, por parte de don José López López preséntase escrito complementario da solicitude inicial onde, tras facer unha serie de precisións acerca da relación nominal dos lindeiros e da cabida da parcela cuxa clasificación se interesa, axúntase documentación histórica que a Asociación de Veciños puido reunir en orde a acreditar o aproveitamento consuetudinario do monte polos veciños de Zudreiro de data 1976 e expedida pola Secretaría do Concello de Dozón.

Terceiro: O Xurado Provincial de Montes en Man Común de Pontevedra, acordou, unha vez cumpridos os trámites pertinentes, en sesión de 19 de agosto de 2010, incoar o corresponde expediente de clasificación do devandito monte coa descrición que no devandito acordo se recolle, debidamente notificado a todas as partes interesadas

As parcelas obxecto do presente expediente teñen a seguinte descrición:

Concello: Dozón

Parroquia: Sanguñedo

Nome do monte: **Parcela A- Mamoa de Xandín**-Leste da autopista (Parcela 488- Polígono 353 y Parcela 282-Polígono 53) Situada o vento Leste da Autopista Santiago-Dozón.

Cabida: 42,53 ha. Aproximadamente (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Camiño do monte, que vai descendendo dende a Mamoa de Xandín ate a vía de Servicio da Autopista e logo Propiedades Privadas de Vecinos da Xesta-Lalín. Vcase Coordenadas de Deslinde Norte, en Planos N°.01 y N°.02 que acompaña o presente, Z-1; Z-2;Z-3;(…); ate Z-14, por orden correlativo,

Sur: Camiño e despois muro das propiedades privadas dos vecinos do Zudreiro, a mais as parcelas privadas de Val do Cando.

Leste: Zona de Concentración Parcelaria de Maceiras-Pereirón. Xuntase coordenadas no plano n°.02, dende o Mojón n°.50, pasando polo mojón da Mamoa da Pinguela ate a Mamoa de Xandín

Oeste: vía de Servicio e logo autopista Santiago-Ourense

Nome do monte: **Parcela B- Picouzo-Aviseiro** (Parcela 488- Polígono 353 del Catastro de Dozón é a Parcela B. Picouzo Aviseiro).Situada o vento oeste da Autopista Santiago-Dozón-Ourense.

Cabida: 15 has. aproximadamente (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Deslinde IGN, que separa concello de Dozón, do Concello de Lalín. Iníciase no Vértice V-5 (que hoxe está na mediana da autopista), pasa pola Pena do Medio do Picouzo, vértice V-6 e Vértice V-7(rio da Seixas), do Plano N°.03 e N°.01.

Sur: O encravado, con varios propietarios do Zudreiro, no Interior do perímetro a clasificar co N°12- Aviseiro, que de seguido se pasan a nombrar:

1. Pol-353-Parcela 320.Alicia Mundín Fernández.
2. Pol-353-Parcela 319.Jose López López.
3. Pol-353-Parcela 317.Francisco Crespo Gutiérrez.
4. Pol-353—Parcela 330. Francisco López Fernández.
5. Pol-353—Parcela 331 Andrés Rodríguez Cacheda.
6. Pol-353-Parcela 333.Jose Antonio Cacheda Zobra. Hoxe expropiada por Autopista.
7. Pol-353-Parcela 342.RosaIía Varela Cacheda. Hoxe expropiada por Autopista.



8. Pol-353-Parcela 343. Rosa Fernández López, Pierina, José Manuel e José. Hoxe expropiada por Autopista.

9. Pol-353-Parcela 344. Jose López López. Hoxe expropiada por Autopista.

10. Pol-353-Parcela 341 Francisco Crespo Gutiérrez. Hoxe expropiada por Autopista.

11. Pol-353-Parcela 347. Antonio Crespo Dalama. Hoxe expropiada por Autopista

Leste: a Autopista Santiago-Ourense.

Oeste; Rego das Seixas.

Nome do monte: **Parcela C.- Aviseiro-Branas Ricobai-Autopista** (Parcela 507- Polígono 353 del Catastro de Dozón e parcela 757- polígono 253)

Situada o vento sur das parcelas privadas do Aviseiro (encravado nº.12).

Cabida: 20,83has. aproximadamente (superficie alegada na solicitude)

Xuntase Plano nº.04. No interior desta parcela sitúanse os encravados nº.11-Ricobai e Nº10-Os nabas.

Lindes:

Norte: Encravado nº.12-Aviseiro, e talud de recheo da Autopista.

Sur: dende a Ponte das Lamas ate Autopista de Santiago Dozón, separando das Fincas Privadas e comunal do Monte das Bouzas. Coordenadas S-1; S-2; S-3

Leste: Autopista Santiago Ourense.

Oeste: Rego das Seixas-Ponte das Lamas

Cuarto: Con data 21 de marzo de 2011 recíbese no Servizo de Montes documentación complementaria remitida polos promoventes do presente expediente de clasificación consistente en: DOCUMENTACIÓN CARTOGRÁFICA: Apórtase plano topográfico no que se sitúan e deslindan as tres parcelas nas que quedou fragmentado o monto Zudreiro como consecuencia da construción da nova Autopista Santiago-Ourense, con identificación das propiedades privadas que quedan encravadas no perímetro de clasificación de Monte Comunal que se pretende e identificación individualizada do deslinde descritivo de cada unha delas. Como consecuencia do anterior, fíxase como superficie total a clasificar.....78.36ha

EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN: Así mesmo, apórtase copia do expediente de expropiación, iniciado no ano 2011 e levado a cabo polo Ministerio de Fomento, para a execución da Autopista Santiago-Alto de Santo Domingo, onde se identifica aos veciños de Zudreiro como usuarios das parcelas cuxa clasificación se reclama, uníndose as correspondentes actas previas de ocupación así como depósito de xustiprecio a prol dos veciños de Zudreiro por considerar a

Administración expropiante (Ministerio de Fomento) que as parcelas afectadas pola expropiación eran parte do monte comunal de O Zudreiro.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 20 de Decreto 260/1992 solicita e recíbese informe preceptivo do Servizo de Montes e Industrias Forestais con data 7 xuño de 2011, no que se fai constar, entre outros aspectos relevantes, vista a documentación obrante no seu poder, os seguintes:

“La planimetría aportada es suficiente para identificar las parcelas afectadas, definiéndose tres parcelas: A, B, C, debiendo detraerse de las parcelas B y C la superficie ocupada por el cauce y afección del río Seixas, incluída en la superficie solicitada, quedando las parcelas con la siguiente superficie, condicionada a su confirmación mediante deslinde:

- Parcela A: 42.52 ha
- Parcela B: 14.43 ha
- Parcela C: 20.56 ha

Las parcelas citadas no están clasificadas ni se localizan en terrenos clasificados como de utilidad pública.

De acuerdo con la cartografía del Catastro los terrenos están calificados como rústicos.

Las tres parcelas se superponen parcialmente sobre parcelas catastrales de titularidad privada, cuya relación figura en el informe de la Sección de Topografía de 15 de julio de 2009, incorporado al expediente de clasificación en la hoja 136.

En el recorrido de estas parcelas se han comprobado usos distintos y la presencia de cerramientos, portillas y plantaciones de borde en varias de ellas compatible con su uso privado, por lo que su uso consuetudinario deberá justificarse por los solicitante.(...)

Las tres parcelas se encuentran sometidas a servidumbres de paso de pistas agrícolas y forestales y pistas de servicio de la autopista. Las parcelas A y C soportan servidumbres de paso de líneas de media tensión y la parcela A incluye una instalación de antena de telefonía móvil.”

A este informe emitido polo Servizo de Montes (xefe de área técnica –don Guillermo Vega Alonso-) axúntase anexo fotográfico onde se pode apreciar que tanto a parcela A como a B están a prado e detéctase a presenza de alineación de pino.

Sexto: Con data 27 de outubro de 2011, dona Isabel Portela Rodríguez, en representación da mercantil AUTOPISTA CENTRAL GALLEGA, CONCESIONARIA ESPAÑOLA S.A, presenta escrito de alegacións onde, en síntese, sinalase que deberán deixarse fora da clasificación, no caso de acordarse ésta, os terreos incluídos dentro da liña de expropiación da Autopista AP-53 por non pertencer aos solicitantes e estar incorporados ao dominio público viario tras procedemento expropiatorio levado ao efecto.

Sétimo: Con data 1 de decembro de 2011 a Asociación Cultural e Recreativa de veciños de Zudreiro (promoventes do expediente de clasificación) presenta, en debido tempo e forma, novo



escrito de alegacións en contestación ás manifestacións feitas pola mercantil AUTOPISTA CENTRAL GALLEGA, CONCESIONARIA ESPAÑOLA S.A, facendo constar, entre outros, os seguintes extremos:

"(...)En efecto, y como se desprende del expediente expropiatorio, los vecinos de Zudreiro ya no incluyen como terreno a clasificar la superficie expropiada por la Autopista, y de hecho se pretenden clasificar tres parcelas, con unos enclavados en medio...El terreno expropiado y ocupado por la Autopista no ha sido tenido en cuenta.

De este modo, en el plano topográfico de marzo de 2011 incorporado al expediente se sitúan y deslindan las tres parcelas que se pretenden clasificar, y en las que quedó fragmentado el monte Zudreiro como consecuencia de la construcción de la Autopista AP-53, situándose también en el mismo las propiedades de particulares que o bien quedaron enclavadas en el perímetro de Clasificación de Monte Comunal que se pretende, o bien son colindantes con la vía de servicio de la Autopista, o con caminos existentes en el interior del perímetro a clasificar."

Con estas alegacións, axúntanse planos e documentación relativa ao expediente expropiatorio.

Oitavo: Con data 20 de xaneiro de 2012 don Manuel Reboredo González, actuando en nome e representación de dona Adosinda Reboredo Varela, presenta escrito de alegacións reivindicando a titularidade dominical da parcela denominada Picouzo Aviseiro e solicitando que a finca numero 168 do polígono 102, por ser da súa propiedade, se deixe ao marxe do presente procedemento de clasificación.

Fundamentos de dereito:

Iº)-O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra é o órgano competente para coñecer dos expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, de 10 de outubro.

IIº)-De conformidade co artigo 1 do referido texto normativo, o artigo 1 do Decreto 240/1992 de 4 de setembro e o artigo 20 da nova Lei de Montes de Galicia, 7/2012 de 28 de xuño, comprende entender por monte veciñal en man común:

Artículo 1.

Son montes vecinales en mano común y se regirán por esta Ley los que, con independencia de su origen, sus posibilidades productivas, su aprovechamiento actual y su vocación agraria, pertenezcan a agrupaciones vecinales en su calidad de grupos sociales y no como entidades administrativas, y se vengán aprovechando consuetudinariamente en régimen de comunidad sin asignación de cuotas por los miembros de aquellas en su condición de vecinos.

Así pois, de acordo coa propia dicción literal deste artigo e a prolixa xurisprudencia existente na materia, o feito que determina a clasificación ou non como veciñal do monte en cuestión é a

circunstancia de terse acreditado de forma sólida e fehaciente o aproveitamento consuetudinario en man común pola agrupación veciñal, ao marxe das cuestión relativas á titularidade dominical e demais dereitos reais.

IIIº)- Extrapolando o concepto e esixencias que se condensan na normativa analizada ao caso concreto, e tomando en consideración moi especialmente a documentación detallada de adverso, informe emitido polo Servizo de Montes de data 7 de xuño de 2011 relativas ao aproveitamento e uso actual do montes, pódese colixir que queda acreditado de xeito suficiente o aproveitamento consuetudinario con carácter exclusivo sobre as parcelas respecto das cales se solicita a clasificación.

Nesto senso, resultan especialmente significativos os documentos referentes ao procedemento expropiatorio iniciado no ano 2011 e levado a cabo polo Ministerio de Fomento, para a execución da Autopista Santiago-Alto de Santo Domingo, onde se identifica aos veciños de Zudreiro como usuarios das parcelas cuxa clasificación se reclama, uníndose as correspondentes actas previas de ocupación así como depósito de xustiprecio a prol dos veciños de Zudreiro por considerar a Administración expropiante (Ministerio de Fomento) que as parcelas afectadas pola expropiación eran parte do monte comunal de O Zudreiro.

Entende así mesmo, esta parte, que tal conclusión non queda desvirtuada polas alegacións presentadas pola mercantil AUTOPISTA CENTRAL GALLEGA, CONCESIONARIA ESPAÑOLA S.A, ás que se da cumprida resposta polo promovente do presente expediente de clasificación en escrito de data 1 de decembro de 2011. En efecto, pola concesionaria da autopista únicamente se sinala que han de quedar fora do expediente de clasificación os terreos incluídos na liña expropiatoria da Autopista AP-53, pero sen que en ningún caso se cuestione o aproveitamento consuetudinario do terreo afectado por parte dos veciños de Zudreiro, sendo relevante a tal efecto que se recoñeza aos mesmos como beneficiarios do xustiprecio fixado no proceso de expropiación. Non ha de esquecerse ademais que por parte dos promoventes deste expediente se presentaron no seu día, tal como se recolle nos antecedentes de feito, alegacións e documentación complementaria nas que se modificaba a superficie total respecto da que se interesaba a clasificación inicialmente, quedando fixada esta en:

- **PARCELA A MAMOA DE XANDÍN-VAL DE CANDO.....42.53HA**
- **PARCELA B PICOUZO-AVISEIRO.....15.00HA**
- **PARCELA C AVISEIRO-BRAÑAS-RICOBAL.....20.83**
- **TOTAL SUP. A CLASIFICAR: 78.36 HA**

Por outra banda, este Xurado considera que tampouco empece a clasificación das parcelas A, B e C (Monte Zudreiro) o feito de que exista un particular que presente alegacións reivindicando a titularidade dunha parcela xa que como ten sinalado este órgano en reiteradas ocasións, con apoio da xurisprudencia, as cuestións relativas á propiedade son alleas e han de deixarse ao marxe do



procedemento de clasificación no seo do cal a atención ha de centrarse no uso consuetudinario do monte en cuestión.

A título de exemplo, a Sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº3 de Pontevedra con data 29 de xuño de 2009, recolle: *"La función del Jurado Provincial es la de comprobar la existencia o no de un aprovechamiento consuetudinario comunal en los términos indicados en el artículo 1 de la Ley 13/1989, lo cual excluye de su examen cuestiones relativas a la propiedad, reservadas a la jurisdicción ordinaria, y que no obstan a la clasificación del MVMC. Tampoco es obstáculo a tal fin que el monte figure incluido, a nombre de otras personas o entidades, en catálogos, inventarios o registros públicos, salvo que dicha inclusión sea consecuencia de una sentencia dictada en juicio declarativo (STSX de Galicia de 8 de mayo de 2008)"*

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instrutor e o Xurado acorda por unanimidade dos seus membros:

CLASIFICAR como veciñal en man común a favor dos veciños do lugar de Zudreiro, parroquia de Sanguñedo (Dozón) o monte denominado **Zudreiro (parcelas A, B, e C)** ao considerar cumpridos os requisitos esixidos no artigo 1 da Lei 13/1989 e a nova Lei de montes de Galicia 7/2012, de acordo coa descrición reflectida no Antecedente de feito terceiro e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da presente resolución.


Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes ou ben interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente publicación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa.



CONCELLO DE LALIN

Parcelas Catastrales Privadas Monte Xesta

Deslinde I.G.N



Situación parcelas

Zona C.P
Maceiras - Pereiron

Coordenadas Deslinde Norte

Nombre	X	Y
Z1	575.744,578	4.716.947,212
Z2	575.683,330	4.716.914,850
Z3	575.540,880	4.716.882,410
Z4	575.430,950	4.716.865,680
Z5	575.379,073	4.716.830,083
Z6	575.340,093	4.716.844,175
Z7	575.241,080	4.716.859,550
Z8	575.199,700	4.716.857,500
Z9	575.146,820	4.716.869,370
Z10	575.037,860	4.716.884,010
Z11	574.901,629	4.716.895,176
Z12	574.785,555	4.716.907,413
Z13	574.731,808	4.716.940,078
Z14	574.700,172	4.716.982,584

Coordenadas Deslinde Sur

Nombre	X	Y
S5	575.540,920	4.715.847,889

Zarra Val Cando y Camino

43	575.835,131	4.716.122,979
44	575.916,590	4.716.103,903
48	575.929,895	4.716.135,740
49	575.890,650	4.716.145,231
50	575.947,062	4.716.212,843

Coordenadas Deslinde Este

Nombre	X	Y
50	575.947,062	4.716.212,843
52	575.862,161	4.716.445,776
54	575.777,015	4.716.700,402
Z1-56	575.743,004	4.716.986,531


Coordenadas Deslinde Oeste

Nombre	X	Y
Z12	574.785,555	4.716.907,413

Talud Autopista

S5	575.540,920	4.715.847,889
----	-------------	---------------

Autopista Peaje Santiago - Ourense





Parcelas Privadas Veciños Zudreiro

CUADRO SUPERFICIES MONTE PRIVADO

1 Val Do Cando	=26.684M2=2,66 HA
2 Val Dos Teixos	=101.944M2=10,19 HA
3 Chairas Da Costa	=24.070M2=2,41 HA
4 Fonte De Eguas	=8.003M2=0,80 HA
5 Val Do Raposo	=7.030M2=0,70 HA
6 Os Olmos	=3.712M2=0,37 HA
7 Zarra Do Aviseiro	=3.364M2=0,36 HA
8 Val Das Cirdeiras	=5.098M2=0,51 HA
9 Zarra Dos Nabais	=2.964M2=0,30 HA
15 -----	=24.168M2=2,42 HA
Total Superficie	=204.037M2=20,40 HA

Parcela a clasificar
Superficie = 42,53 ha

Monte Comunal Xesta



Situación parcelas

Coordenadas Deslinde Norte

Nombre	X	Y
Z14	574.700,172	4.716.982,584
V4	574.645,750	4.716.995,060
V5	574.540,680	4.717.079,630
V6	574.155,571	4.716.813,342
V7	574.107,398	4.716.759,100

Deslinde Sur


Nombre
Pacela Aviseiro e Talud Autopista

Deslinde Este

Nombre
Limite Autopista e Parcela A

Deslinde Oeste

Nombre
Rego de Seixas



CUADRO SUPERFICIES
MONTE PRIVADO

12 Aviseiro	=44.202M2=4,42 HA
13 Gonzalo Gzlez Ojea	=7.681M2=0,76 HA
14 Prados Puxallos	=1.718M2=0,17 HA

Total Sup.Privada =53.601M2=5,36 HA

Autopista	=40.899M2=8,15 HA
Talud Autopista	=16.541M2=1,65 HA

Parcela a clasificar
Superficie = 15,00 ha

Este documento realizouse montando os planos que constan no expediente. Atendendo as indicacións da proposta de clasificación.

Escala gráfica



Data: Xullo 2015

Escala: 1/5.000

Nº de plano

02 de 03


CLASIFICACIÓN DO MONTE DENOMINADO
"ZUDREIRO"

Parcela B- Picouzo-Aviseiro


CMVMC DE ZUDREIRO. PARROQUIA DE
SANGUIÑEDO. CONCELLO DE DOZÓN



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA



Situación parcelas



Deslinde Norte

Nombre
Rego Aviseiro e Talud Autopista

Coordenadas Deslinde Sur

Nombre	X	Y
S1	575.357,812	4.715.876,315
S2	575.244,174	4.715.883,388
S3	574.896,808	4.715.871,471

Deslinde Este

Nombre
Autopista e Parcela A

Deslinde Oeste


Nombre
Rego de Ricobai

CUADRO SUPERFICIES MONTE PRIVADO

10 Os nabais	=6.746M2=0,67 HA
11 Ricobai	=29.348M2=2,93 HA
Total Sup.Privada	=36.094M2=3,60 HA
Autopista	=40.483M2=4,04 HA

Parcela a clasificar
Superficie = 20,83 ha

Este documento realizouse montando os planos que constan no expediente. Atendendo as indicacións da proposta de clasificación.



Data: Xullo 2015
Escala: 1/5.000

Nº de plano
03 de 03

CLASIFICACIÓN DO MONTE DENOMINADO "ZUDREIRO"
Parcela C- Aviseiro-Brañas-Ricobai

CMVMC DE ZUDREIRO. PARROQUIA DE SANGUIÑEDO. CONCELLO DE DOZÓN



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA